

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL CAMBRE

Anuncio de aprobación provisional da modificación da ordenanza fiscal número 12 e da ordenanza fiscal número 13

De conformidade co establecido no artigo 17 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Pleno da Corporación do Concello de Cambre, en sesión ordinaria do 30 de marzo do 2017, adoptou, entre outros, os seguintes acordos:

Aprobar provisionalmente para o exercicio 2017 e seguintes a modificación do artigo 6º da ordenanza fiscal nº 12 reguladora da Taxa por Entrada de Vehículos a través das Beirarrúas e as Reservas de Vía Pública para Aparcamiento, Carga e Descarga de Mercancías de calquera clase e o artigo 6º da ordenanza fiscal nº 13 reguladora da Taxa por Ocupacións do Subsolo, Solo e Voo da Vía Pública.

A antedita modificación comezará a aplicarse a partir do día seguinte á publicación do anuncio no boletín oficial da provincia da súa aprobación definitiva, e manterase vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

Expoñer ao público no taboleiro de anuncios do Concello os citados acordos provisionais, así como o texto completo das ordenanzas fiscais modificadas durante o prazo de trinta días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio de exposición no Boletín Oficial da Provincia. Igualmente publicarase o anuncio de exposición nun diario dos de maior difusión da provincia.

Durante o período de exposición pública das ordenanzas, os que teñan un interese directo, nos termos previstos no artigo 18 do Real decreto legislativo 2/2004, poderán examinar os expedientes e presentar as reclamacións oportunas. Transcorrido o período de exposición pública sen presentar reclamacións, os acordos adoptados quedarán definitivamente aprobados.

Publicar no Boletín Oficial da Provincia os acordos definitivos que, unha vez transcorrido o período de exposición pública proceda adoptar, así como o texto das ordenanzas modificadas.

Cambre, 3 de abril de 2017

O alcalde

Óscar A. García Patiño

2017/2798